

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

ELECCIÓN PRESIDENCIAIS EN FRANCIA: O FINAL DA ERA SARKOZY?

- a) **Introdución**
- b) **O atomizado voto galo**
- c) **Marine Le Pen e a ultradereita "liberal"**
- d) **A alternativa da Fronte de Esquerda**
- e) **Unha elección vital para Europa**

a) *Introdución*

O próximo domingo 22 de abril, Francia celebrará a primeira volta das súas eleccións presidenciais nun contexto de atomización política e coa eventual perspectiva dun cambio de goberno. Paralelamente, estes comicios son relevantes para dirimir a actual xeopolítica europea, principalmente ante a posibilidade de que a non reelección do actual presidente **Nicolás Sarkozy** (Unión por un Movemento Popular, UMP) signifique o retorno ao poder do Partido Socialista (PS), desta vez da man do seu candidato **François Hollande**.

Con diversas variantes nas enquisas, practicamente amósase un empate técnico entre Sarkozy e Hollande, un escenario que abocaría a unha segunda volta prevista para o próximo 6 de maio, na que esas mesmas enquisas vaticinan a vitoria da candidatura de Hollande. En total, nestas eleccións rexistráronse dez (10) candidaturas presidenciais.

Cunha notable caída da súa popularidade, o contexto emerxe adverso e complexo para Sarkozy, quen non só busca a súa reelección senón a consolidación política da UMP, imprimindo unha axenda política que polarizou

ao electorado. Os temas centrais destes comicios, centrados principalmente na recesión económica, o peso da inmigración e un forte debate sobre os dilemas do actual proceso de integración europea, dificultan unha reelección segura para Sarkozy, acosado pola crise económica e a proposta de renovación representada pola candidatura de Hollande.

Paralelamente, compre salientar o peso da extrema dereita en mans da Fronte Nacional (FN), agora baixo o liderado de **Marine Le Pen**, e que tenta asentarse nas clases medias e populares francesas cun discurso antiinmigración e antieuropeísta pero, igualmente, con matices liberais. Por outra banda, resalta o ascenso na intención de voto para a Fronte de Esquerda, cunha candidatura alternativa en mans de **Jean-Luc Mélenchon**, e que disputa con Le Pen unha franxa electoral estimada en torno ao 15-18%. En perspectiva electoral, de facto, Le Pen e Mélenchon buscan constituírse nos “candidatos bisagra” que eventualmente logren dirimir a polarizada balanza entre Sarkozy e Hollande nunha segunda volta electoral.

b) *O atomizado voto galo*

As eleccións presidenciais francesas previstas para o próximo 22 de abril constitúen un importante test político para un dos países centrais e con maior peso político da Unión Europea. O contexto de crise e recesión económica, o espectro do desemprego e unha crise social que pode intensificar a conflictividade gremial e laboral nos próximos meses, son algúns dos factores que inflúen considerablemente na evolución dos próximos comicios presidenciais.

O test electoral e político é, por tanto, moito mais importante para o actual presidente Nicolás Sarkozy, quen busca a reelección nun momento de marcada caída da súa popularidade. Velái que “Sarko” (como é coloquialmente coñecido en Francia) afánase por todos os medios en reactivar a súa imaxe pública, incluso botando man do tirón mediático da súa esposa, a ex modelo **Carla Bruni**. Ao mesmo tempo, Sarkozy tenta “asustar” ao electorado francés ante a perspectiva de que un eventual retorno do Partido Socialista ao poder

imprima unha deriva económica e social similar á acaecida na España de Zapatero, tendo en conta que actualmente o seu veciño do sur é o país europeo con maior taxa de desocupación laboral.

Pola súa banda, o Partido Socialista francés ofrece unha imaxe alternativa, aínda que de menor calado mediático, coa candidatura de François Hollande, ex parella sentimental da candidata socialista nos comicios de 2007, **Segolène Royal**. O Partido Socialista espera retornar ao poder desde 1995 ofrecendo un “lavado de imaxe” tralos recentes escándalos sexuais dunha das súas figuras máis emblemáticas, **Dominique Strauss-Khan**, ex director do FMI.

Así, Hollande preséntase como un candidato que encarna unha especie de transición dentro do Partido Socialista francés, coa perspectiva de liderar un hipotético *revival* da socialdemocracia europea nun contexto caracterizado polas crises económicas e o impulso político e electoral da dereita continental. O seu

lema electoral, “*O regreso da socialdemocracia a Europa*”, baséase precisamente en defender unha perspectiva de carácter global a nivel europeo, nunha conxuntura marcada polas ameazas da austeridade fiscal e a crise económica cara un dos piares da integración europea: o estado social do benestar.

Con diversas variantes nas enquisas preelectorais, o escenario reflicte un polarizado *Tête À Tête* entre Sarkozy e Hollande, con estimacións de voto próximas ao 30% para cada un. Posteriormente, resalta o ascenso da Fronte de Esquerda (FdE) de Jean-Luc Mélenchon, seguido da ultradereita da Fronte Nacional (FN) de Marine Le Pen, ambos oscilando en torno ao 15-18% da intención de voto. Moito mais lonxe aparecen a candidatura centrista de **François Bayrou** (10%) así como outras con menores posibilidades, como **Jacques Cheminad** (Solidariedade

e Progreso), **Eva Joly** (Os Verdes), **Nathalie Arthaud** (Loita Obreira), **Philippe Poutou** (Novo Partido Anticapitalista) e **Nicolás Dupont-Aignan** (partido nacionalista De Pie la República).

Non obstante, este panorama variaría sensiblemente de cara á segunda volta electoral prevista para o próximo 6 de maio. Neste caso, as enquisas semellan beneficiar a Hollande (aproximadamente cun 55% de intención de voto) por riba de Sarkozy (45%). En gran medida, e a pesar das notables diverxencias entre o Partido Socialista e a pluralidade de partidos e movementos da esquerda francesa, especúlase para esta eventual segunda volta cun posible aluvión de votos da esquerda a favor de Hollande, moi probablemente persuadidos non só a evitar a reelección de Sarkozy senón a frear o avance da Fronte Nacional.

c) Marine Le Pen e a ultradereita “liberal”

No marco desa polarización Sarkozy-Hollande, compre observar qué efecto terá no proceso electoral francés o segmento da extrema dereita en mans de Marine Le Pen e a Fronte Nacional. Tradicional bastión da ultradereita xenófoba e antiinmigración, o FN, agora baixo o liderado de Marine Le Pen, filla do fundador do movemento **Jean-Marie Le Pen**, imprime unha marca electoral de renovación baseada no seu atractivo e xovialidade, orientado a seducir a un electorado cansado das elites políticas e radicalizado contra a inmigración e o avance das esquerdas.

Con todo, a mensaxe electoral de Marine Le Pen busca igualmente imprimir un matiz liberal destinado a ganarse o apoio dunhas clases medias atomizadas pola crise económica, afianzando ao “lepenismo” como abandeirado dun populismo de dereitas moi característico en diversos estratos das clases medias e populares non só francesas senón europeas. En perspectiva política e electoral, o avance

do FN igualmente supón unha incomodidade política para Sarkozy, á vista do marcado distanciamento entre a UMP e o FN (principalmente en materia de inmigración) pero que, eventualmente, podería dar curso a negociacións postelectorais que se traducirían nun intento de encarreirar os votos da ultradereita a favor de Sarkozy nunha segunda volta electoral.

Tirando proveito da crise económica e dos receos dun importante núcleo social francés cara os inmigrantes, o FN ten a pretensión de reeditar o seu éxito electoral de 2002, cando o seu entón candidato e fundador Jean-Marie Le Pen sorprendeu ao desbancar do segundo lugar en preferencia de votos ao Partido Socialista e disputar así a segunda volta contra o conservador e mentor político de Sarkozy, **Jacques Chirac**. No contexto actual, Marine Le Pen e o FN están alcanzando un notable éxito atraendo cara si apoios destacados na franxa electoral dos nacionalistas de dereitas que, tradicionalmente, votaban pola UMP de Sarkozy.

d) A alternativa da Fronte de Esquerda

Dentro da pluralidade de movementos e partidos existentes na esquerda francesa, a Fronte de Esquerda de Mélenchon, conformada pola alianza do Partido Comunista Francés e do Partido da Esquerda, canaliza os apoios dunha clase obreira e inmigrante

proveniente da periferia urbana, golpeada pola crise económica.

Neste sentido, nas derradeiras semanas, a candidatura de Mélenchon estase a converter nunha inesperada sorpresa electoral con claras perspectivas de definirse como unha

bisagra que relativiza a polarización Sarkozy-Hollande. No Partido Socialista existe unha notable preocupación de que o avance da Fronte de Esquerda signifique unha erosión de votos tradicionalmente socialistas en estratos sociais populares e de inmigrantes. Non obstante, e cun

e) Unha elección vital para Europa

No ámbito europeo, o proceso electoral francés dirime unha serie de variables centradas no futuro da consolidación do eixe xeopolítico dentro da Unión Europea conformado por Alemaña e Francia, en particular no caso do tándem entre Sarkozy e a chanceler alemá **Ángela Merkel**, popularmente coñecido como o eixe “Merkozy”. Paralelamente, estas eleccións francesas suxiren un debate público sobre a eventual influencia da crise económica na erosión do edificio de convivencia social e do estado de benestar europeo.

No seo do electorado galo existe unha marcada sensación de declive do poder francés en Europa, en particular ante a certificación da hexemonía e do poderío de Alemaña dentro das institucións europeas, así como da decadente potencialidade económica e de influencia política de Francia a nivel mundial. Velaí que Merkel observe igualmente con atención o desenlace electoral francés, especialmente á hora de barallar unha eventual e posible nova alianza xa non con Sarkozy senón co socialista Hollande, crítico coa política fiscal e monetaria de Berlín na Zona Euro.

discurso que defende a “revolución cidadá”, Mélenchon declarou publicamente o seu obxectivo de evitar a reelección de Sarkozy, o cal interpretárase como un eventual apoio dos votantes da Fronte de Esquerda á candidatura de Hollande nunha segunda volta.

Esta eventual negativa de Hollande aos plans fiscais de Merkel pode potenciar a súa candidatura ante o malestar existente en diversas capas sociais identificadas co nacionalismo francés, os cales observan a un Sarkozy absolutamente submisivo e obediente non só ante as pretensións de Merkel e de Berlín senón a través da súa aceptación do “atlantismo” estadounidense, en particular en crises exteriores como a de Libia, Siria e Irán.

Paralelamente, e no caso de ser reelixido, Sarkozy deberá xestionar un complexo escenario político interno así como unha situación de maior dependencia externa con respecto a Merkel, un aspecto que igualmente deberá dirimir o cruce de tradicionais e ambivalentes correntes dentro da dereita “gaullista” francesa e da UMP con respecto á UE e ao ideal europeísta.

O cadro complétase coa previsión dunha anunciada e histórica abstención electoral o próximo 22 de abril: segundo o instituto de sondaxes IFOP, a abstención podería calcularse en torno ao 32% do electorado, identificado en menores de 35 anos provenientes dos sectores obreiros e rural.

IGADI, 19 de abril de 2012.